



ADMINISTRACION  
DE JUSTICIA



ADMINISTRACIÓN  
DE XUSTIZA

# XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO. N. 1 PONTEVEDRA

SENTENCIA: 00017/2021

-

Modelo: N11600  
RUA HORTAS Nº 2 - 3º PONTEVEDRA  
**Teléfono:** 986805667-8 **Fax:** 986805666  
**Correo electrónico:** contenciosol.pontevedra@xustiza.gal

Equipo/usuario: Fd

**N.I.G:** 36038 45 3 2020 0000181  
**Procedimiento:** PA PROCEDIMIENTO ABREVIADO 0000067 /2020 /  
**Sobre:** ADMON. LOCAL  
**De D/Dª:**  
**Abogado:** PAULA DIEGUEZ PEREIRA  
**Procurador D./Dª:**  
**Contra D./Dª** UNIDAD RECAUDACION EJECUTIVA CONCELLO VIGO  
**Abogado:** LETRADO AYUNTAMIENTO  
**Procurador D./Dª**

**Materia:** Tráfico e circulación. Sanción por exceso de velocidade. Recadación executiva.

**Contía:** 606,77 €

## SENTENZA

**Número:** 17/2021

Pontevedra, 25 de xaneiro de 2021

Visto por D. Francisco de Cominges Cáceres, maxistrado do Xulgado Contencioso-Administrativo Núm. 1 de Pontevedra, o **PROCEDEMENTO ABREVIADO 67/2020** promovido por D. \_\_\_\_\_, representado e defendido pola Letrada do turno de oficio Dª Paula Diéguez Pereira; contra o **CONCELLO DE VIGO**, representado e asistido pola Letrada da súa Asesoría Xurídica Dª María Isabel Fernández Gabriel.

### ANTECEDENTES

1º.- D. interpuxo recurso contencioso-administrativo contra a resolución do 12 de abril de 2019 do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (expte. 4851/550), desestimatoria da reclamación formulada fronte á desestimación do recurso de reposición dirixido contra a dilixencia de embargo do



17 de xaneiro de 2019 (expte. 39648/700) por importe de 400 euros de principal, en execución forzosa da multa imposta pola comisión dun exceso de velocidade no día 21 de outubro de 2010 no túnel da avda. Beiramar (expte. 108741904).

No “suplico” final da súa demanda solicitou se dite sentenza na que se declare a nulidade das resolucións impugnadas, con imposición de costas á Administración demandada.

2º.- No día 16 de decembro de 2020 celebrouse a vista oral do xuízo (asistindo os letrados mediante videoconferencia, no contexto da actual pandemia de coronavirus -COVID19-). O actor ratificouse na Demanda. O Concello de Vigo formulou a súa contestación oral, interesando a íntegra desestimación do recurso. Recibiuse o proceso a proba, practicándose documental. Realizouse tamén fase de conclusións, quedando o preito visto para sentenza.

3º.- A contía do litixio é de 606,77 euros.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Constitúen o **obxecto** do litixio as resolucións sinaladas no antecedente “1º” desta sentenza, que tiveron a súa última causa na execución forzosa da sanción de multa imposta ao actor polo Concello de Vigo pola comisión da infracción consistente nun exceso de velocidade no túnel da Avda. de Beiramar o día 21 de outubro de 2010, ás 11:36 horas, co seu vehículo BMW serie 3 matrícula , ao circular a 89 km/h nun tramo limitado ao máximo de 50 km/h.

Alega o recorrente na súa **Demanda**, en síntese, que recibiu por sorpresa en decembro de 2018 a dilixencia de embargo ditada para a execución de actos que non lle foron notificados previamente, sobre unha suposta infracción cometida no ano 2010. Incide en que se omitiron total e absolutamente os trámites do procedemento sancionador. Tamén en que non se practicou correctamente ningunha notificación previa á da dilixencia de embargo. Alega que prescribiu tanto a suposta infracción como a débeda esixida. E que caducou o expediente. Finalmente invoca a vulneración dos principios de presunción de inocencia e responsabilidade retores da potestade administrativa sancionadora.

O Concello de Vigo alegou na súa **Contestación**, en resumo, que as notificacións se practicaron na forma legalmente establecida, interrompindo a prescrición e a caducidade. O procedemento tramitouse correctamente e non se infrinxiron ningún dos principios sinalados na demanda.

II.- Centrados así os termos do debate, da valoración conxunta da proba practicada (expediente administrativo e documental unida á demanda), dedúcense os seguintes feitos probados:





- A denuncia da Policía Local de tráfico do 21 de outubro de 2010 de comisión dun exceso de velocidade, xunto cun requerimento de identificación do condutor, foille notificada persoalmente a D. no día 18 de novembro de 2010, asinando él mesmo o acuse de recibo de correos e indicando o seu DNI.
- No 27 de decembro de 2010 notificóuselle no mesmo domicilio a resolución de incoación do procedemento sancionador. Asinou esa notificación a súa “esposa”, con indicación do seu DNI. Nela indicóuselle un prazo para formular alegacións. Tamén a posibilidade de pago inmediato con desconto do 50%.
- O actor, nin alegou nin pagou no prazo concedido. No 8 de febreiro de 2011 ditouse a resolución sancionatoria, coa imposición dunha multa de 400 euros. Notificouse no 11 de febreiro de 2011 no mesmo enderezo, asinando de novo a “esposa”, con indicación do seu DNI.
- En data 29 de abril de 2011 ditouse providencia de apremio, para a execución forzosa da sanción. Notificóuselle persoalmente a D. no 3 de maio de 2011, con DNI, etc.
- No 20 de novembro de 2014 ditouse resolución de embargo. Tentouse a súa notificación ao actor por dúas veces no seu enderezo sen éxito, publicándose por edictos no BOP de Pontevedra núm. 24, do 05/02/2015.
- No 28 de xaneiro de 2015 ditouse outra resolución de embargo, notificándosele persoalmente ao actor no 9 de febreiro seguinte.
- Finalmente, no 23 de novembro de 2018 emitíuse a dilixencia de embargo aquí impugnada, notificada persoalmente ao demandante o 30 de novembro de 2018.

**III.-** Dos anteriores feitos probados conclúese a necesaria desestimación do recurso, polas seguintes razóns:

As notificacións practicáronse correctamente, conforme ao disposto nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común entón vixente, e preceptos concordantes da normativa de tráfico e de recadación aplicables. O actor recolleu as notificacións él mesmo na maioría das ocasións, e no resto a súa dona, debidamente identificada co seu DNI, no mesmo domicilio sinalado para notificacións na propia reclamación económico-administrativa. Só nunha ocasión non se puido practicar a notificación persoal, realizándose mediante publicación de editos na forma legalmente establecida.

Esas notificacións interrumpiron os prazos de prescrición da infracción de tráfico e de caducidade do expediente sancionador (artigo 92 RDLex. 339/1990, do 2 de marzo, aplicable ao caso por motivos cronolóxicos). Tamén os de execución forzosa da sanción de multa.



A multa de tráfico deveu firme e consentida polo actor. Non a impugnou nos prazos establecidos. Non procede revisar agora a corrección do seu contido substantivo. O mesmo sucedeu coa providencia de apremio. Na fase recadatoria non transcorreu un intervalo superior a 4 anos entre as distintas notificacións (prazo de prescripción dos créditos das Administracións locais).

En definitiva, o demandante non conseguiu demostrar a concorrencia efectiva de ningún dos supostos taxados cos que o artigo 170.3 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria permite impugnar as dilixencias de embargo.

**IV.-** Da desestimación do recurso derívase a necesaria condena en costas á parte actora, limitándose o seu importe máximo por honorarios de letrado á cantidade de 150 euros máis IVE (art. 139 LXCA).

## **PARTE DISPOSITIVA**

**1º.-** DESESTIMAR o recurso contencioso-administrativo interposto por D. [nome] contra a resolución do 12 de abril de 2019 do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (expte. 4851/550), desestimatoria da reclamación formulada fronte á desestimación do recurso de reposición dirixido contra a dilixencia de embargo do 17 de xaneiro de 2019 (expte. 39648/700) por importe de 400 euros de principal, en execución forzosa da multa imposta pola comisión dun exceso de velocidade no día 21 de outubro de 2010 no túnel da avda. Beiramar (expte. 108741904).

**2º.-** Condenar ao demandante ás costas do proceso, co límite máximo sinalado no último fundamento.

Notifíquesele esta sentenza ás partes do proceso, coa indicación de que contra ela non cabe interpór recurso de apelación (art. 81.1.a/ LXCA).

La difusión del texto de esta resolución a partes no interesadas en el proceso en el que ha sido dictada sólo podrá llevarse a cabo previa disociación de los datos de carácter personal que los mismos contuvieran y con pleno respeto al derecho a la intimidad, a los derechos de las personas que requieran un especial deber de tutelar o a la garantía del anonimato de las víctimas o perjuicio, cuando proceda.

Los datos personales incluidos en esta resolución no podrán ser cedidos, ni comunicados con fines contrarios a las leyes.

